

LAROUCO

1

REVISTA DA HISTORIA PRIMITIVA, TRADICIÓNS
ORAIS E PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

GRUPO ARQUEOLÓXICO LAROUCO



EDICIÓNS DO CASTRO

1991

DIVINDADES INDÍXENAS DAS AUGAS TERMAIS NO EXTREMO OCCIDENTE HISPANO

Por Francisco DÍEZ DE VELASCO

Os tres *conventus* do noroeste reúnen unha boa parte das testemuñas do culto ás divindades das augas termais que apareceron na península Ibérica.

Máis de quince invocacións ás Ninfas, ademais de ex-votos a *Tutela*, *Fons* ou *Fortuna Balnearis* en contextos termais non admiten dúbidas da especial veneración que na época romana se dedicaba a estas divindades, patronas das xurxintes termais.

Os romanos, grandes amantes da hidroterapia e moi sensibles ós poderes imaxinarios que habitaban as fontes, atoparon nestas terras do extremo occidente unha extraordinaria riqueza en nacementos de augas quentes naturais e puxeron neles en práctica os seus depurados coñecementos das técnicas de curación termal así como unha axeitada capacidade tecnolóxica na drenaxe e na construción.

A confluencia da riqueza natural e a habelencia romana explican, só en parte, a abundancia dos balnearios e os cultos termais en *Gallaecia*; outras rexións (o Pirineo meridional, por exemplo) posúen unha exhuberancia natural semellante na cantidade de fontes de auga quente, pero nelas non se testemuñaron tantos achádegos deste tipo.

A causa fundamental da importancia do culto termal en época romana en *Gallaecia* ten raíces máis profundas, podendo atopa-la explicación de termos en conta unha característica especial desta zona: a testemuña de divindades de tipo termal de nome prerromano.

En efecto, as tres únicas divindades indíxenas de tipo termal das que hai testemuña na península Ibérica localízanse nos dous *conventus* máis occidentais da *Provincia Tarraconensis*, o que nos informa da importancia que debía te-la curación termal dentro da relixión prerromana do extremo occidente hispano.

Desgraciadamente non podemos chegar a completar unha idea do que puido ser este tipo de culto, xa que as divindades só son coñecidas pola epigrafía en lingua latina.

Trátase dun vehículo de comunicación alleo á cultura prerromana, polo tanto, aínda que nos transmite datos sobre divindades indíxenas, esta facendo por medio dun instrumento cultural novo. Está latente, neste material, o fenómeno de aculturación que levou ós habitantes prerromanos desta zona a modificaren os seus comportamentos sociais.

Non hai dúbida de que cando o oferente fai un voto a unha divindade agradecéndolle a curación e usa para isto unha técnica romana e o idioma latino, aposta por unha forma de ex-voto diferente da que debía se-la tradicional e da que desgraciadamente non posuímos na península Ibérica ningunha testemuña, aínda que si abondos exemplos no caso das Galias. Queda fóra do noso estudio todo o ritual indíxeno de acción de grazas, perdéndose se cadra a parte máis interesante do que podería se-lo culto ás augas termais na zona.

Á luz destas premisas pódese matiza-la información dos cinco epígrafes seguintes, aparecidos na súa maioría a carón de fontes termais xa explotadas de vello.

EX-VOTO A EDOVIO

En 1798 apareceu un ex-voto feito en pedra en Caldas de Reis; aínda que hoxe desaparecido, atopouse no lugar onde se construíu o Balneario Dávila, que correspondía cun antigo balneario romano. O texto dicía:

EDOVIO / ADALVS CLO / VTAI V. S. L. M.

O texto non pode ter maior concisión e rusticidade; o dedicante porta un nome indíxena como o é tamén o seu pai; a filiación é a normal do peregrino na zona romana, pero o uso da fórmula de acción de gracias latina abreviada (*votum solvit libens merito*) indica a aceptación do vehículo de comunicación romano.

EX-VOTOS A BORMANICO

Bormanico aparece en dúas inscricións atopadas na cidade portuguesa de Caldas de Vizelha. As dúas atópanse no museo de Guimarães.

- a) A primeira apareceu en 1841 no baño do médico do balneario:

MEDAM / VS CAMAL / BORMANICO VSLM
(Medamo o de Camalo cumpriu agradecido o voto a Bormanico)

O oferente, un peregrino que ten un nome indíxena, o mesmo có seu pai, está moi preto do que fixo a dedicatoria a Edovio; ámbolos dous ex-votos posúen unha grande semellanza formal.

b) O segundo epígrafe, labrado nun cumprido bloque de granito, seguiu varias vicisitudes e require unha relectura minuciosa da primeira parte, polo que a lectura deica hoxe aceptada pode ter algúns erros puntuais.

C. POMPEIUS / GAL CATURO / NIS F. E. / UGENVS VX / AMENSIS /
REO BORMA / NICO VSLM / QUISQUIS HO / NOREM AGI / TAS ITA TE TVA /
GLORIA SERVET / PRAECIPIAS / PUERO NE / LINAT HUNC / LAPIDEM

(Caio Pompeio o de Caturón da tribo galería... natural de Uxama, cumpriu agradecido o voto ó deus Bormanico; se séguela vía do honor que para gloria túa sirva que procures que o rapaz non estrague esta lápida).

A curiosidade principal do epígrafe é a poesía exhortativa da fin que amosa un certo afán literario non exento de torpeza por parte do oferente. Este leva os *tria nomina* romanos, a mención da tribo e a *origo* (vén de Uxama).

Cáturo é un nome indíxena ben testemuñado na península Ibérica e do que tamén hai exemplos na Galia Cisalpina, este curioso personaxe con debezo literario resulta un oferente un pouco ambíguo para ser puro romano; descoloca a tribo, inseríndoa tralo *nomen*, e antes do *cognomen* prefere descoloca-lo patronímico de tipo indíxena. Parece



Patera de Otañes, vista de conxunto (foto Museo Santander).



Pátera de Otañes (detalle).

fácil demostrar que estamos diante dun fillo de indíxena que accedeu hai pouco á cidadanía romana, que ten o pedante orgullo do *parvenu* mais que aínda se atopa enraizado co universo de crenzas indíxenas ou que se fía máis do deus prerromano á hora de procura-la curación, e en vez de encomendarse a unha Minerva *médica* ou a un Apolo prefire a divindade do nome indíxena, pero medoñento de que non se lle entenda, especifica ben que se trata dun deus, *Deo Bormanico* (Reo por erro do gravador).

Bormanico é un teónimo moi interesante, posto que as relaciona directamente co Borvo-Bormo-Bormano galo, divindade cunha orixe que está en discusión (se é ligur ou celta), pero cunha inclusión sen dúbida dentro do panteón céltico. É o deus titular de numerosos balnearios galos e algúns levan aínda o seu nome, como *Bourbonne-les-Bains*, ou *Bourbonne-l'Archambault*. Non podemos defender que se trate dun deus soamente local de Caldas de Vizelha; sen dúbida hai que aceptar que estamos diante dunha divindade céltica de cometido termal e de localización xeral, que pertence ó sustrato prerromano do occidente galo e hispano. Hai que discutir de novo a hipótese céltica, polo menos no que á análise relixiosa se refire, e tamén a existencia de relacións entre o occidente hispano e as Galias antes da chegada dos romanos.

EX-VOTOS A COVENTINA

Na provincia de Lugo, apareceron dúas inscricións seguras ofrecidas á deusa Coventina. Unha delas en Guitiriz, en contexto termal antigo, e a outra en Santa Cruz de Loio, nun contexto menos claro. As dúas están no museo de Lugo. A primeira é sumamente sinxela:

COHVE / TENE / E. R. N.

O nome da deusa non ofrece dúbidas, mais a fórmula final aínda non se desenvolveu con toda a claridade, polo que non convén forza-la interpretación.

A segunda apareceu en 1929 e o texto é máis extenso:

CVHVE / BERRAL / OCEGU / EX VOTO / FLAVIUS / VALERIA / NUS

Nin o nome da deusa nin o do oferente do ex-voto teñen dúbidas. Este procede dun promocionado da época flavia que non especifica o seu *praenomen*. Máis problemática resulta a interpretación de *Berralocegu*, quizais se relacione cun toponímico ou un nome xentilicio.

O específico de Coventina é que aparece testemuñada como deusa das augas termais en *Brocolitia*, estación con balneario no muro de Adriano na Britania romana.

Resulta curioso que dúas das tres divindades indíxenas termais que tratamos teñan paralelos fóra da península Ibérica, e en zona céltica. Pensar que son cultos importados en época romana, aproveitando as vías de intercomunicación abertas trala conquista non parece unha opción de interese; a aceptación dun deus extranxeiro é improbable cando hai deuses locais de labores semellantes, se non hai unha imposición ou aculturación.

Que os indíxenas do occidente hispano tomen divindades galas ou britanas, podendo manteren os seus deuses tradicionais ou acepta-los dos invasores romanos é absurdo.

Convén entender que se trata de deuses prerromanos e que, polo menos no que ó culto termal se refire, houbo unha identidade en todo o extremo occidente na época previa á chegada dos romanos.

Outras divindades, con nome xa romano, poderían repasarse nas liñas anteriores.

O caso das Ninfas é evidente, e a importancia que ten o seu culto no noroeste hispano ten a súa causa, sen dúbida, en que encobren e substitúen antigas divindades prerromanas. Pero cómpre deixar claro que existe unha diferenza de base entre Bormanico ou Edovio e as Ninfas. No primeiro caso a aculturación relixiosa está no seu primeiro paso, o do bautismo lingüístico: o deus transcríbese en caracteres latinos, pero ségueselle invocando co nome primitivo.

No segundo caso, substituíuse o antigo nome por outro romano. Soamente no primeiro caso podemos albiscar algo da historia dos deuses prerromanos, tal e como fixemos sinalando o seu indubidable celtismo.

Ademais, tanto o soporte material como a lingua empregada e o propio teónimo neste caso son xa latinos, perdéndose case tódalas pegadas de indixenismo. O devoto que agradecía unha curación ás Ninfas perdera xa ese elo fundamental que o unía coa súa cultura ancestral. A súa actitude exemplifica un pouco o que debeu se-lo avance cotián dese concepto teórico tan escorredizo que a ciencia histórica denomina romanización.

ORIENTACIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

O tema das augas termais no Occidente romano dedicarase un congreso en Aix-les-Bains (Francia) co título de «Les eaux thermales et les cultes des eaux en Gaule et dans les provinces voisines» en setembro de 1990. É unha liña de investigación que tivo certo auxe a finais do século pasado e comezos deste e que parece que volve a estar de actualidade na investigación.

Para a Hispania romana existe o traballo específico de DÍAZ DE VELASCO, F., *Balnearios y divinidades de las aguas termales en la Península Ibérica en época romana*, Madrid, 1987 (ed. en microficha).

Para a Galicia romana pódese consultar: DÍEZ DE VELASCO, F. «Balnearios y dioses de las aguas termales en Galicia romana», *Archivo Español de Arqueología*, 58 (1985), páxs. 69-98.

Obras máis xerais, sobre divindades acuáticas son as de BLÁZQUEZ, J. M., «El culto a las aguas en la Península Ibérica» en *Imagen y mito*, Madrid, 1977, páxs. 141-192. Máis especificamente sobre a zona galega: LÓPEZ CUEVILLAS, F. «O culto das fontes no noroeste hispánico» en *Trabalhos da sociedade portuguesa de antropologia e etnografía*, 7 (1935), páxs. 73-104 ou BOUZA BREY, F. *La mitología del agua en el noroeste hispánico* (discurso de ingreso na Real Academia Gallega o 27 de xullo de 1941), Vigo, 1973.

O epígrafe a Edovio está perdido, polo que tódolos editores desde principios de século dependen das lecturas recollidas por HÜBNER, E. no *Corpus Inscriptionum Latinarum* (CIL), vol. II, n.º 2543. O primeiro epígrafe a Bormánico foi lido de forma completa por LEITE DE VASCONCELOS, J. en *Religiões de Lusitânia*, vol. II (1905), páxs. 266-271. Máis recentemente retómaa CARDOZO, M. *Catálogo do Museu de Martins Sarmiento, secção de epigrafia latina e de escultura antiga*, Guimarães, 2.ª ed., 1972, pág. 26, n.º 22. O epígrafe longo a Bormanico crese que foi regravado no século pasado e presenta atrancos (por exemplo, a lectura REO por DEO). Seguiuse a lectura de HÜBNER, E. no CIL II, n.º 5537 (que rectifica o n.º 2403); CARDOZO no seu traballo xa citado fai unha lectura moito menos completa (na pág. 27).

Sobre a etimoloxía de Bormanico-Borvo pódese consultar a GUYONVARCH, C. J. «Notes d'etimologie et de lexicographie celtique et gauloise: le problème du Borvo gaulois, mot ligure ou celtique», *OGAM*, 11 (1959), páxs. 168-170. A inscrición a Coventina das proximidades de Guitiriz apareceu en 1910 e recopilárona ARIAS, F., LE ROUX, P. e TRANOY, A., *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, París, 1970, n.º 57, pág. 87. A de Santa Cruz de Loio recopilárona estes mesmos autores na pág. 88, n.º 58. A ducia de inscricións a do valo de Adriano en Britania) están recopiladas por COLLINGWOOD, R. G. e WRIGHT, R. P., *The Roman Inscriptions of Britain*, Oxford, 1965, páxs. 485-489, n.º 1523 e 1535.



Ara ás ninfas, aparecida en «Aquis Querquennis», Bande (Ourense).